

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

*RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se modifica a Resolución do 28 de setembro de 2017 pola que se publica a relación de tecores e explotacións cinexéticas comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia en que se permite a solta de faisán (*Phasianus colchicus*), en aplicación da disposición transitoria terceira do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.*

A disposición transitoria terceira do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, establece que as comunidades e cidades autónomas deberán facer pública a relación de coutos en que se permitirán, logo de autorización administrativa, as soltas con especies alóctonas non catalogadas obxecto de aproveitamento piscícola ou cinexético cando non se vexan afectadas pola prohibición do artigo 54.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Esta relación poderá incluír, exclusivamente, os coutos en que se autorizasen estas soltas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Neste sentido, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural publicou a Resolución do 28 de setembro de 2017 pola que se publica a relación de tecores e explotacións cinexéticas comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia en que se permite a solta de faisán (*Phasianus colchicus*), en aplicación da disposición transitoria terceira do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras (DOG número 195, do 13.10.2017).

Desde a publicación daquela resolución recompilouse información que permite constatar a existencia de soltas de faisán con anterioridade á entrada en vigor da Lei 42/2007, do 13 de decembro, en terreos non incluídos na antedita Resolución do 28 de setembro de 2017, polo que é preciso a súa modificación co fin de actualizala engadindo o tecor A Ulloa, LU-10.105, na relación de tecores en que se permite a solta de faisán (*Phasianus colchicus*).

De acordo co disposto no artigo 148.1.11 da Constitución, en virtude do establecido no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia,



e do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ten atribuídas as competencias e funcións en materia de ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos. En concreto, as competencias e funcións atribuídas en materia de ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos recaen na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Con base no exposto e como órgano competente en materia cinexética da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia atribuída polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático,

DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación da Resolución do 28 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publica a relación de tecores e explotacións cinexéticas comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia en que se permite a solta de faisán (*Phasianus colchicus*), en aplicación da disposición transitoria terceira do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras*

Modifícase a Resolución do 28 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publica a relación de tecores e explotacións cinexéticas comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia en que se permite a solta de faisán (*Phasianus colchicus*), en aplicación da disposición transitoria terceira do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, nos termos que se recollen a continuación:

Un. Modifícase o anexo, «Relación de tecores e explotacións cinexéticas comerciais en que poden realizarse soltas de faisán (*Phasianus colchicus*)».

Disposición derradeira única. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2025

María Sol Díaz Mouteira
Directora xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: cu3hqa90-wxx6-gj19-6ql5-rpygy3s0gtj5



ANEXO
**Relación de tecores e explotacións cinexéticas comerciais
en que poden realizarse soltas de faisán (*Phasianus colchicus*)**

Provincia da Coruña.

Matrícula	Nome
C-10.005	Tecor do Barro
C-10.015	Tecor Vilarmajor-Fradiz
C-10.016	Tecor Ordes
C-10.023	Tecor A Monteiría
C-10.025	Tecor San Martín
C-10.035	Tecor Montemaior
C-10.038	Tecor As Mariñas
C-10.039	Tecor Río Iso
C-10.044	Tecor Arteixo
C-10.048	Tecor San Pelayo
C-10.049	Tecor Nosa Sra. da Cela
C-10.051	Tecor Muxía
C-10.052	Tecor Xallas
C-10.053	Tecor Cambre
C-10.055	Tecor Paderne
C-10.056	Tecor As Gabeiras
C-10.059	Tecor Vilariño
C-10.060	Tecor Santaia de Gorgullos
C-10.063	Tecor Barbanza de Ribeira
C-10.064	Tecor Nosa Sra. do Pilar
C-10.065	Tecor Urogallo
C-10.066	Tecor Santiso
C-10.070	Tecor Azor-Ames
C-10.073	Tecor San Miguel
C-10.074	Tecor Sta. Mariña
C-10.077	Tecor Nimo-Colou
C-10.079	Tecor Arasolis
C-10.081	Tecor Viladabade

CVE-DOG: cu3hqa90-wxx6-gj19-6ql5-rpygy3s0gtj5



Matrícula	Nome
C-10.084	Tecor Rianxo
C-10.088	Tecor San Xulián
C-10.090	Tecor Pedrapartida
C-10.091	Tecor Sanatorio
C-10.092	Tecor San Mamede
C-10.093	Tecor Os Labercos
C-10.094	Tecor San Vicente
C-10.095	Tecor Halcón
C-10.098	Tecor San Roque
C-10.099	Tecor Rosalía de Castro
C-10.101	ECC A Carballoa
C-10.102	Tecor Porto do Son
C-10.103	Tecor San Can
C-10.107	Tecor Val Xestoso
C-10.111	Tecor Touro
C-10.113	Tecor As Pontes
C-10.115	Tecor Frades
C-10.118	Tecor Piñoi
C-10.127	Tecor San Fernando-Vicente
C-10.129	Tecor O Hórreo
C-10.131	Tecor Xubia
C-10.132	Tecor San Pedro de Oza
C-10.133	Tecor Eixil
C-10.136	Tecor Camariñas
C-10.141	Tecor Fene
C-10.145	Tecor Ribeiras do Tambre
C-10.149	Tecor A Magdalena
C-10.152	Tecor Cerceda
C-10.156	Tecor Alto Xestoso
C-10.157	Tecor Padrón
C-10.163	Tecor Corzán
C-10.165	Tecor Xabarl
C-10.170	Tecor San Miro

CVE-DOG: cu3hqa90-wxx6-gj19-6ql5-rpygy3s0gtj5



Matrícula	Nome
C-10.176	Tecor Pondal
C-10.177	Tecor San Marcos
C-10.180	Tecor Laxe
C-10.190	Tecor O Petón de Cabovilaño
C-10.194	Tecor Alcaián
C-10.195	Tecor Coristanco
C-10.196	Tecor Valdoviño
C-10.197	Tecor Veira
C-10.200	Tecor O Castelo
C-10.202	Tecor San Xoán de Serres
C-10.204	Tecor Bergantiños Sur
C-10.205	Tecor Bergantiños Norte
C-10.208	Tecor Rois
C-10.209	Tecor San Sadurniño
C-10.213	Tecor Xestoso

Provincia de Lugo.

Matrícula	Nome
LU-10.002	Tecor A Fonsagrada
LU-10.010	Tecor O Saviñao
LU-10.011	Tecor A Pobra do Brollón
LU-10.012	Tecor Os Castros
LU-10.015	Tecor Guitiriz e parroquias
LU-10.019	Tecor Río Chamoso
LU-10.022	Tecor Neira de Xusá
LU-10.027	Tecor El Azor
LU-10.034	Tecor Santa Mariña
LU-10.053	Tecor O Alledo
LU-10.056	Tecor A Frouxeira
LU-10.069	Tecor O Landro
LU-10.077	Tecor Ribeira Sacra
LU-10.096	Tecor Hermunde

CVE-DOG: cu3hqa90-wxx6-gj19-6ql5-rpygy3s0gtj5



Matrícula	Nome
LU-10.098	Tecor Riotorto
LU-10.105	Tecor A Ulloa
LU-10.126	Tecor Cervantes
LU-10.127	Tecor Pena Veitureira
LU-10.134	Tecor Sober II
LU-10.141	Tecor A Trapa
LU-10.144	Tecor Muras
LU-10.169	Tecor Alcotán
LU-10.180	Tecor O Faisán
LU-10.216	Tecor Soñar
LU-10.236	Tecor Carballido Bóveda
LU-002	ECC Pazos de Viveiró
LU-003	ECC Covas
LU-004	ECC A Xesteira
LU-007	ECC Safari-Framil

Provincia de Ourense.

Matrícula	Nome
OU-10.083	Tecor Xunqueira de Ambía
OU-10.056	Tecor Baños de Molgas
OU-10.082	Tecor Xinzo de Limia
OU-10.034	Tecor San Cristovo de Cea
OU-10.249	Tecor A Veiga
OU-10.117	Tecor Cartelle
OU-10.029	Tecor Pena Maior
OU-10.242	Tecor San Xoán de Río

Provincia de Pontevedra.

Matrícula	Nome
PO - 10.003	Tecor Pazos de Borbén
PO - 10.004	Tecor San Cipriano



Matrícula	Nome
PO - 10.014	Tecor La Amistad
PO - 10.016	Tecor Fornelense
PO - 10.018	Tecor Karsita
PO - 10.027	Tecor A Peneda
PO - 10.029	Tecor Caselas
PO - 10.033	Tecor Barro
PO - 10.037	Tecor Campo de Couto
PO - 10.042	Tecor Forcarei
PO - 10.043	Tecor Bueu
PO - 10.044	Tecor A Tomiñesa
PO - 10.061	Tecor Marín
PO - 10.062	Tecor Moaña
PO - 10.063	Tecor Río Ulla
PO - 10.065	Tecor Cuntis
PO - 10.076	Tecor A Rocha
PO - 10.077	Tecor Farelo
PO - 10.080	Tecor Tui-Gondomar
PO - 10.082	Tecor San Huberto
PO - 10.084	Tecor Rodeiro
PO - 10.086	Tecor Cotobade
PO - 10.088	Tecor A Lanzada
PO - 10.090	Tecor O Grove
PO - 10.093	Tecor A Cañiza
PO - 10.098	Tecor Prado-Graña San Salvador de Prado
PO - 10.103	Tecor Coto Suído
PO - 10.104	Tecor Portas
PO - 10.107	Tecor Meis
PO - 10.108	Tecor Caldas
PO - 10.115	Tecor Río Grande
PO - 10.116	Tecor San Xoán de Poio
PO - 10.117	Tecor Refuxio Conla
PO - 10.118	Tecor Dozón
PO - 10.120	Tecor Silleda



Matrícula	Nome
PO - 10.122	Tecor Vila de Cruces
PO - 10.124	Tecor Rías Baixas
PO - 10.126	Tecor Corazón Salnés
PO - 10.128	Tecor Coto Bertaña
PO - 10.129	Tecor Pena Cuntín
PO - 10.131	Tecor San Cibrán-Xinés
PO - 10.135	Tecor A Covelense
PO - 10.136	Tecor Santa Mariña de Xinzo
PO - 10.137	Tecor Salnés de Ribadumia
PO - 10.141	Tecor A Mondarizana
PO - 10.144	Tecor O Campo
PO - 10.145	Tecor Cangas 2001
PO - 10.146	Tecor Pontillón do Castro
PO - 10.147	Tecor Verdeseixo
PO - 10.151	Tecor Mougás
PO - 10.157	Tecor Monte Campelo
PO - 10.160	Tecor A Lama
PO - 10.161	Tecor Serra do Galiñeiro
PO - 10.173	Tecor A Magdalena
PO - 10.174	Tecor Coto do Santo
PO - 10.175	Tecor Fontao
PO - 10.177	Tecor A Laxe-Verducido
PO - 10.179	Tecor Ribadetea-Padróns
PO - 10.182	Tecor Lalín
PO - 10.183	Tecor Moraña
PO - 10.186	Tecor San Pedro de Crecente
PO - 10.187	Tecor Monte Xiabre
PO - 10.189	Tecor Barusi
PO - 10.190	Tecor Traspuelas Gargamala
PO - 10.195	Tecor O Coirego
PO-002	Tecor Carballos das Cen Pólas
PO-003	ECC Moscoso
PO-004	ECC Agrícola Terra de Montes II

CVE-DOG: cu3hqa90-wxx6-gj19-6ql5-rpygy3s0gtj5



Matrícula	Nome
PO-005	ECC Agrícola Terra de Montes III
PO-006	ECC Agrícola Terra de Montes I
PO-007	ECC Salgueirón

